

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA
27 DE NOVEMBRO DE 2014.-**

<p><u>Sres. Asistentes:</u></p> <p><u>Sr. Alcalde:</u> D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.</p> <p><u>Sres. Concelleiros:</u> D^a MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. ALMA BEATRIZ BARRON FERRO. D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D^a OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D^a MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D^a MARTA SEIJAS DIAZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ.</p> <p><u>Non asiste con excusa:</u> D. ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY.</p> <p><u>SR. SECRETARIO:</u> D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e dezasete minutos do día vinteseite de novembro de dous mil catorce, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
--	---


Punto núm. 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS DOS DÍAS 25-09-2014 E 30-10-2014.

Toma a palabra o Sr. Mesias Farías, manifestando que na acta do día 25 de setembro de 2014, non consta o motivo polo cal abandonaron a Sesión, que foi por incumprimento do Regulamento Orgánico.

Sometida a votación a acta con esta corrección o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

Sometida a votación a aprobación da acta correspondente o día 30 de outubro de 2014, o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

**Punto núm. 2.- APROBACIÓN SE PROCEDE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN
ÁS OBRAS E SERVICIOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS 2015.-**



O Concello Pleno por 8 votos a favor, 6 do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, 1 de NAL e 1 do BNG, e 4 votos en contra do Grupo Municipal do Partido Popular, acorda:

1- "Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras e subministracións que o Concello ten previsto realizar, ou a dedicación ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2015 ou a amortización anticipada da débeda, e de acordó co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Presuposto total
Acondicionamento do camino Porta do Río	43.826,09 €.		43.826,09 €.
Reparación de camino de Maiobre a Lubre	38.937,68 €.		38.937,68 €.
SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓN S	82.763,77 €.		82.763,77 €.

Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións incluídos na anualidade 2015 e que se relacionan nesta táboa.


B) Financiamento de gastos correntes ou amortización de débeda:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	52.724,53 €.
Achega provincial aplicada á amortización anticipada de débeda	
SUBTOTAL GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DÉBEDA	52.724,53 €.

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIÓN S	82.763,77 €		82.763,77 €

SUBTOTAL GASTOS CORRENTES E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA	52.724,53 €.		52.724,53 €.
TOTAL	135.488,30 €		135.488,30



2.-Aprobar o Plan complementario do ano 2015 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración	Presuposto
Dotación de rede de abastecemento de auga potable a Solaina e Caamouco	34.949,22 €.
TOTAIS	34.949,22 €.

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2015 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2015 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.-Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social ñas que se acredite que o concello está ao corrente ñas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social


8.- Facultar expresamente ao Alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Punto núm. 3.- DAR CONTA DOS INFORMES TRIMESTRAIS LEI 15/2010, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS 1º TRIMESTRE-14, 2º TRIMESTRE-14, E 3º TRIMESTRE-14.

Dase conta dos Informes Trimestrais Lei 15/2010, de Medidas de Loita Contra a Morosidade nas Operacións Comerciais , correspondentes o 1º, 2º e 3º Trimestre de 2014, figurando o resume dos mesmos na expediente da Sesión.

O Concello Pleno por unanimidade acorda darse por enterado.

Punto núm. 4.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS ADOPTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA SESIÓN ANTERIOR.-



De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía Presidencia proceder a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos, de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto núm. 5.- MOCIONS E PROPOSTAS.-

a) BNG: Moción para apoiar a comercialización de proximidade.

MOCIÓN PARA APOIAR A COMERCIALIZACIÓN DE PROXIMIDADE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de setembro publicouse o *Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula a venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final*. Este decreto entende por venda directa a que se realiza na casa, en mercados e feiras e en tendas minoristas, que vendan directamente ao consumo final, agás os ovos e establece unha serie de requisitos para poderen realizar esa venda.


Desde o BNG sempre defendemos que se prestixien os nosos produtos primarios como de calidade e que cumpren coas garantías de salubridade. Igualmente xulgamos que se debe facilitar desde os poderes públicos a súa comercialización en circuitos curtos e de proximidade para garantirles o máximo beneficio aos e ás produtoras e que a actividade agrícola, a súa transformación e comercialización sexa un elemento de produción de alimentos, de creación de emprego e de dinamización económica.

Porén, este decreto, sen outras medidas que acompañen o desenvolvemento da venda de proximidade e o apoio aos e ás produtoras non vai ter ese efecto dinamizador. De feito, é evidente que non ten como obxectivo relanzar feiras e mercados nin serve para incorporar novas persoas a esta actividade. O articulado do decreto non garante a produción nin fomenta a dedicación de persoas a este tipo de actividade. Por iso, o BNG considera imprescindible desenvolver iniciativas que incidan no apoio á comercialización de proximidade (feiras, mercados periódicos de alimentos producidos no contorno tanto en cidades como vilas, degustacións, etc), ás de venda na propia explotación ou on line, e que teñan como obxectivo a promoción deste tipo de comercialización.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG neste concello propon adoptar os seguintes

ACORDOS

- 1. Solicitar do Goberno Galego que, en diálogo co sector, aprobé unha serie de actuacións específicas en diversos ámbitos para dinamizar a venda de proximidade, garantir as mellores condicións de traballo para as persoas produtoras e conseguir unha produción respectuosa co ambiente e a saúde. Entre estas cuestións, están introducir alimentos producidos nas explotacións galegas nos menús dos centros públicos (escolares, hospitais, etc), facilitar base territorial ás persoas que a demandaren para a produción de alimentos e establecer medidas de cotas á seguridade social reducidas e adaptadas a este tipo de actividade produtiva, e o mesmo en relación coa súa fiscalidade, Compre**



tamén establecer liñas de axuda para que a introdución de elementos de identificación e a introdución de guías de boas prácticas non sexa un gasto engadido ás producións.

2. Solicitar do Goberno Galego que impulse unha marca de calidade que ampare e identifique os produtos da horta galega, que acadaren os requirimentos de calidade definidos en consenso co sector.
3. Solicitar do Goberno galego que se abra un diálogo constante co sector coa participación de sindicatos, organizacións agrarias, asociacións de produtores/as, produción ecolóxica, para impulsar medidas que partan do consenso e que realmente dinamicen un sector vital para a economía galega."

Interven o Voceiro do BNG, para facer unha exposición da Moción.


Acto seguinte intervén o Voceiro do Grupo Municipal do P.P., que fai a seguinte emenda transaccional que nos tres acordos que se di Solicitar do Goberno Galego debería engadir a continuación a frase :“ que continúen cos traballos a prol de ...”, se non é aceptada vamos a votar en contra.

Sometida a votación a Emenda Transaccional do Grupo Popular : O Pleno do Concello por 4 Votos a favor do Grupo Popular 6 votos en contra do PSdeG-PSOE, e 1 abstencións (1 NAL). Faise constar que o Sr. Mesias Farias non emite voto, acorda rexeitar a mesma.

Acto seguinte sometese a votación a Moción e o Pleno do Concello por 8 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 1 NAL e 1 BNG) e 4 votos en contra do Grupo Municipal do P.P. acorda prestarlle a súa aprobación á Moción.

Punto 6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Aberto o turno de rogos e preguntas, toma a palabra o Sr Mesías Farías quen en primeiro lugar quere manifestar o seguinte rogo: Hoxe veu a Pleno os informes trimestrais de loita contra a morosidade, cando nos metimos neste complicado sistema, se nos dixo por parte do Sr. Secretario-Interventor, que as condicións que eran moi duras, que os informes había que presentalos en tempo e forma e que tal, e hoxe vemos que aquí veñen con retraso, porque veñen tres trimestres, veñen os informes con moito retraso, entón nos tamén queremos propoñer un rogo que é que a documentación se nos entregue ben, refirome o informe este trasladase nun ficheiro de texto con columnas partidas que imposibilitan a lectura por riba dos folios, entón nos decimos se este informe se pode descargar dende a páxina do Ministerio en formato XML en convertilo en Excel, porque xa o pon a propia aplicación que se pode descargar en XML entón nos pedimos unha vez máis que cando se nos



entregue esta documentación sexa nese formato para que nos poidamos facer unha fiscalización rápida e que non sexa dificultoso.

Reitero o cumprimento dos prazos da publicación dos informes porque está regulado polo Real Decreto 635/2014, non vou a facer lectura do que di porque todos sabemos a que nos estamos a referir.


E logo pedíamos unhas explicacións, son unhas preguntas, porque non se teñen abonado as facturas a de Celta Prix, Servicios Sociais Virxe do Carmen, de 2013, cando xa estaba cobrada a taxa ós veciños.

Despois tamén preguntamos polo pago da Peña o rodaballo, porque ten data de factura de 2012, ou eso é o que nos vimos.

Hai tamén unha crítica nosa á xestión da Tesoureira, porque os provedores que foi o principal problema a hora de meternos neste Decreto, resulta que o 80% dos pagos son fora de prazo, co cal volvemos a estar outra vez reincidindo naquelo que se fixera mal.

En canto a resolución volvemos a incidir no sistema, faltan por presentar, xa tiñan que estar incluídas no Pleno de Outubro, a 221, 222, 223, 224,225,226,227,228,229, 230,231, 232, 233, 234,235....., faltan por presentar todas esas, e neste Pleno falta a 230 346, 347. 355,360, 361, 362 371, 373, 376 e 378, nos xa expusemos aquí cal tiña que ser a metodoloxía á nosa maneira de ver para que esto se levase como se ten que levar, e que as resolución veñan ordenadas e que estén incluídas no Pleno, parece que non é nada complicado, nos creemos que isto é un problema de organización do traballo, que non é so no sentido a Resolución, senon que desgraciadamente está extendido a moitos dos outros ámbitos da xestión municipal.

En canto a resolución 290, nos solicitamos a apertura de expediente informativo, porque a emisión de informe desfavorable urbanístico no ano 2007, non se realizou ningunha intervención municipal para regularizar a situación, o que ocasionou a imposibilidade de efectuar a regularización pola caducidade da acción, (seis anos), polo que cumpre identificar e delimitar a responsabilidade dos funcionarios que por omisión impediron a regularización urbanística loxicamente non, se hai unha denuncia ou un reparo eso hai que seguilo o que non pode facer e esperar a que pase o tempo eses seis anos para logo non facer nada.




A resolución 332, queremos preguntar a que se debe tanto duplicado na taxa do lixo.

Na resolución 334, preguntamos se se procedeu a efectivizar a contratación ó respecto dunha denuncia dun aspirante a unha praza da brigada contraincendios, e que tiña que estar traballando, e que por erros e malas prácticas, porque non so solo erros senon que son malas prácticas, e máis sabendo que era así, pois queríamos saber se se procedeu a efectivizar, esa contratación que ese aspirante conseguu, e despois cal é o motivo de adxuntar a Sentenza do Tribunal Constitucional.

Xa por último outra en canto os convenios, vimos notando a través das actas das Xuntas de Goberno, como eso do convenio se lle chama "Convenio" case a calquera cousa, pero nos entendemos que o convenio ten unha forma de proceder e ten unhas bases que cumprir polas dúas partes que asinan o convenio, isto é un Convenio desde logo non é unha Cesión, ou unha donación solo, senón que entendemos que é un acordo de dúas partes e entendemos que o convenio ten que quedar claro que é o que aporta cada parte, ou que é o que se beneficia cada parte, isto non está sendo así nos entendemos que eso está regulado, non é unha cousa que nos pensemos que é así, senon que esta regulado, un convenio e isto un acordo entre dúas partes, esta parte pon isto e esta outra pon isto, de feito temos entendido tamén que a diferenza non pode ser do 60-40%, ten que ser equiparado polas dúas partes, isto a que ven, ven a colo deses convenio que vimos notando últimamente, e en concreto a este último que tamén nos chama a atención que foi aprobado na Xunta de Goberno Local, do día 9 de Outubro, "Punto núm. 1. Convenio Arzobispado", entón hai nese convenio o que dice e que, polo que nos entendemos da lectura que lle facemos, e que o Arzobispado lle deixa ou lle cede durante unhas anos unha finca ó Concello de Ares para que faga unha determinada obra, ven aquí destino da parcela un Parque Infantil no lugar de Pedrós, aquí non ven explicitado a cambio de que, quero dicir, que según ven parece que o Arzobispado non deixa a finca a cambio de nada, supoño que non vamos, coa Igrexa hemos topado Sancho, entón porque non ven aquí esa contrapartida, que pon o Concello, se é que existe, posto que se non existe tampouco é un Convenio, entón eso queríamos que se nos clarificase, porque xa digo é reiterado nos Convenios que estamos vendo últimamente.

Toma a palabra o Voceiro do P.P. Sr. Sixto Galiano, en principio, quere facer un rogo, que é en varios sitios, neste caso na Zona do Camiño das Pedras que hai unha ausencia de servizos total, en principio non hai contendedores do lixo, cando a xente que está alí esta pagando igual que calquer outro cidadán, o Canón do Lixo, e non hai




puntos de luz, prácticamente están a oscuras, en 400 metros hai dous puntos de luz, este e un rogo de que se dote de servizo a esta Zona.

Agora vou a facer unha seire de preguntas:

Porque non está escriturado o Convenio co Numancia.

A segunda é en relación as dietas do curso de liderazgo o que vai vostede a Madrid, se supón que ese curso, se estende ata o mes de febreiro, 6 meses de curso que según o que pon o boletín son dous días e medio ó mes, Vde. dixo que ía a Madrid e que tiña dereito a que lle pagaran, eso eu o dubido, as dietas, o quilometraxe a autopista a estancia e máis as comidas; eu pregunto como xa foi varias veces a xa pagou vostede como dixo primeiro pago eu e despois o cargo ó Concello, entón quero saber canto valen as dietas de ir a Madrid cada vez, cada vez que vai que cantidade esta nas dietas.

A seguinte é en relación os contratos que se están facendo últimamente, se fixo un contrato de tesourería, auxiliar de tesourería e un contrato de oficial de 1ª de Servizos, en calquer caso os criterios foron totalmente diferentes, nos dixemos que están feitos add hob e creemos que é así, porque nun principio para o contrato de auxiliar de Tesourería se puntua directamente por ter unha licenciatura, se puntua por ter estudos, para unha praza de auxiliar, eso é totalmente ilegal, que para auxiliar se puntue con 4 puntos que é casi o máximo por ter unha carreira, e para Oficial esto xa é sangrante porque non se pide ningún tipo de estudos, soamente se pide o C1 e non se puntua ningún tipo de estudos, entón que criterio se sigue para un contrato como ese, se presentaron 30 persoas, o primeiro quitou un 5,25 e de segundo das 30 personas quitou un 1,80 puntos, e de hai para baixo, polo tanto volvo a repetir os criterios eran ter curso de Galego, C1, ter traballado no Concello, eso é o único que se pediu a xente que se presentou, e volvo a repetir se presentaron 30 persoas, e a praza xa estaba dada, porque se lle da o que estaba antes, se lle da unha nota de 5,25 puntos o primeiro e o segundo 1,80 puntos, non sei porque se cambian os criterios para a contratación, en calquer caso esta semana non houbo Comisión de Persoal, ¿Por qué?, nosoutros non sabemos nada da RPT, non se nos deu información da RPT que se está negociando, non se nos deu, porque non hai unha Comisión de Persoal, cando era o máis importante, nosoutros non nos enteramos de nada, para os contratos non está a Comisión de Persoal, para que está a Comisión de Persoal, polo tanto nos vamos a solicitar un Pleno extraordinario en relación os contratos, porque vemos que hai un oscurantismo total.



Outra pregunta é en relación a unha casa que ten o Concello en Chanteiro cedida a unha persoa , e nos enteramos agora que esa casa pertence á Xunta, entonces porque dispón o Concello dunha casa que é propiedade da Xunta.

E a última pregunta, e en relación á xestión da auga, o Concello se quedou coa xestión da auga, sen embargo xa contratou a unha empresa para leer os contadores, xa se esta privatizando, e agora se contratou a un Camión motobomba grande, queremos saber o coste que xenera semellante gasto, estou falando dun camión de tres eixos que pertence a unha empresa privada.

E por último, temos entendido que vai facer con outro barco máis, que utilidade elle vai a dar a esta barco e que custe vai a ter, porque esto vai a parecer non vou a dicir

Sr. Alcalde, di o que queiras, xa diseches que a praza esta dada, non diseches presuntamente, esa é unha acusación directa de prevaricación, non pasa nada, o diseche claramente, que conste en acta esto esta grabado e punto.

Sr. Alcalde os rogos se teñen en conta, non vou a dar explicación deles, e loxicamente o equipo de goberno os valorará.

Os duplicados no lixo, veñen dados porque utilizamos como padrón o do IBI, e entonces moitas veces efectivamente aparecen duplicados, por erros do propio catastro, o nos envíanos o padrón do IBI que ten a súa base no catastro e sabemos que no catastro hai moitos erros, sobre todo porque moitas fincas seguen a nome de xente que non se coñece, de repente aparece un duplicado dun recibo do lixo a nome do avo morto e a nome de quen esta na casa e resulta que é a mesma casa, hai moitos duplicados por culpa efectivamente do cruce de datos, porque utilizamos como base o padrón do IBI.

Acto seguinte o Sr. Alcalde-Presidente, preguntalle o Sr. Secretario se o contrato onde houbo o erro esta solucionado, onde unha persoa do Concello de Mugardos tomou datos mal das medicións.

Resposta o Sr. Secretario que se lle requireu para que se reincorpore, foron estimadas as súas pretensións.

Sr. Alcalde, a Sentenza do Tribunal Constitucional, ven para xustificar a formación que ven na Resolución da Alcaldía núm. 364, debido a esta Sentenza pois



hai dubidas en canto os efectos urbanísticos, civís, rexistrais, mediambientais e fiscaís na nulidade dos Plans de Urbanismo, nos tivemos un Plan de Urbanismo anulado, entónces é unha ensinanza reglada que se da na EGAP, para que tres funcionarios desta casa asistan, e loxicamente asuma o Concello o importe dos cursos, entónces se adxunta esta Sentenza para poñer de manifesto o grave problema que eso nos xenera e a xustificación da formación, a Sentenza do Tribunal Constitucional motiva nin máis nin menos que a EGAP faga este curso.


En canto os convenios o Arzobispado nos cede a finca de Pedrós, para facer o parque infantil en agradecemento a dúas accións que xa fixemos nos, fixemos un pozo no cemiterio de Cervás, e amañamos o muro da Igrexa de Lubre, entónces a Igrexa en agradecemento a esas dúas accións pola nosa parte nos cede o terreo, é un convenio onde a Igrexa recoñece que nos colaboramos no pozo para que a xente non leve o auga, en agradecemento a esta colaboración, e máis colaboración a Confraría do Nazareno está nun local municipal, e eu creco que hai máis cousas, e en agradecemento a isto nos cede a finca.

En relación o Camiño das Pedrós, resposta o Sr. Vilar Rico, que respecto o contenedor se falou coa empresa e dí que ten dificultades para xirar alí, tocan os estribos onde pode xirar.

Sr. Vilar Rico: O Convenio co Numancia, o feito de que este sen asinar, depende do Numancia, o mes pasado estivemos directivos do Numancia e eu no despacho do Sr. Secretario mirando o tema, o Numancia ten que levar a acta da asemblea extraordinaria onde se fixo a cesión ó Notario, quedaron de facelo xa, antes de que remate o ano.

Sr. Alcalde, en canto os contratos van en bases que son informadas favorablemente polo Sr. Secretario, en consecuencia as bases teñen informe favorable e nese sentido nada máis que explicar.

As Comisións dictaminan asuntos que van a Pleno, evidentemente non hai ningún asunto de persoal que viñera o Pleno de hoxe, e en consecuencia por eso non hai Comisión de Persoal, pero loxicamente sobre o tema das contratacións terán que ir a próxima Comisión, porque o expediente aínda esta aberto, aínda se asinou a resolución creco que onte, na seguinte Comisión de Persoal ira o expediente completo, porque a Comisión de Persoal si se fixera a semana pasada non podía ir porque non estaba completo.



En canto á casa é unha herdanza da Comunidade Autonoma por falla de herdeiros, en consecuencia hai unha donación testamentaria legal, e nos falamos coa Xunta e nos cedeu a posesión para o mantemento e conservación, e Servicos Sociais adoptou unha acción cunha casa que temos a posesión, como temos a posesión efectivamente do Monasterio de Santa Catalina.

Con referencia a agua, temos unha maquina que mercamos, ti estiveches na Mesa de Contratación, e mentres non a suministran hai problemas que temos que solventar, entonces nos compramos unha maquina porque AQUAGEST non cumpre o contrato, AQUAGEST cando efectivamente o contrato non continua, nos tiña que deixar unha serie de materiais, entre este material unha maquina desas, e como eles a tiñan en leasing, non a puideron dar, entonces están denunciados e teran que indemnizar os costes do Camión o que ti te refires, porque por culpa de AQUAGEST que non deixou esa máquina tivemos que mercar unha, e mentres non a suministran e se atasca unha tubería temos que chamar a un Camión, pero eses gastos se pide que sexan obxecto de indemnización por parte de AQUAGEST porque efectivamente non nos deixou a máquina que nos tiña que dar.

En canto o tema do barco pois `nosoutros recollemos toda esa tradición que existe nun pobo mariñeiro, e igual que o barco de Bonome, no seu día foi para unha rotonda, agora Esteban tampouco quere afundir o seu barco porque vendeu os "getes" e loxicamente ira para outro sitio, colocar outro punto de Ares con outro barco, porque somos o que somos un pobo mariñeiro, e efectivamente vamos a colocar ese barco en algún sitio para embelecer o entorno.

E polo que se refire os gastos que orixina o curso que eu fago en Madrid nas correspondentes Resolucions se te van a dar como se te da todo, vai haber as resolucions sempre tivechedes acceso a miñas dietas, que as publicachedes máis dunha vez en facebook e nas resolucions de gasto as vas a ver.

Sr. Sixto Galiano, se da a casualidade que as resolucions de gasto da Alcaldía non se dan.

Sr. Alcalde, si si, miñas dietas sempre van. Eu estou indo a Madrid porque o curso esta activo, e as resolucions de gasto, ti tes acceso a elas, sen ningún problema como sempre tiveches acceso a todo,.

Sr. Sixto Galiano, obxesa non me quere respostar canto vale cada viaxe.



Sr. Alcalde, estou respostando as vas a ver nas REsolucións de Gasto, eu non vou a entrar nese circo pola túa gracia.

Sr. Sixto Galiano, a gracia é que ese diñeiro é dos Aresanos, a gracia é que igual cada viaxe sale por cincocentos euros, igual son trinta viaxes.

Sr. Alcalde nón son doce viaxes.

Sr. Sixto Galiano, doce viaxes a cincocentos euros que é máis ou menos o que calculo eu-.

Sr. Alcalde, por certo e o diñeiro que gastou eu e logo recupero, que a mín en Madrid non me mateñen gratis, eu pago a gasolina, pago o hotel e pago as comidas e logo o recupero, e dicir, e un anticipo de gasto.

Sr. Sixto Galiano, innecesario.

Sr. Alcalde, mira Sixto a formación e o saber non ocupa lugar, que ti consideras que eu non debo facer ese curso, xa o diseche.

Sr. Sixto Galiano, pregunto canto vale.

Sr. Alcalde, estou decindo que nas resolución de gasto o tes, intervención o vai a decir, entre outras razóns porque eu a cantidade exacta non a sei, e neste momentos non teño a resolución de gastos, canto teña a resolución de gasto o veras, sempre se deu toda a información.

Finalmente o Sr. Mesias Farias, formula o rogo de que cando se fagan convenio que se poñan os motivos, que orixinan estes convenios.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once honras e cinco minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario certifico.

O ALCALDE,



O SECRETARIO,

